



**DOCUMENTOS  
SINGULARES**

**FONDO FOTOGRÁFICO  
JUAN JOSÉ VIVANCOS**

**DÍA INTERNACIONAL  
DOS ARQUIVOS 2024**

Imaxes de bens  
patrimoniais da Ulloa:  
A igrexa de Vilar de  
Donas e o castelo  
de Pambre, [s.d.].

**Arquivo Histórico  
Provincial de Lugo**

**O** fondo fotográfico de **Juan José Vivancos** que custodia o arquivo, consta de 19.226 negativos que recollen a vida provincial entre 1942 e 1977, a través da sensibilidade do verdadeiro artista que foi, achegándonos á recreación virtuosa do hábitat, a arquitectura, os monumentos, ou as paisaxes. Centrémonos nos monumentos, exemplificados no castelo de Pambre e na igrexa de Vilar de Donas, ambos no concello de Palas de Rei, comarca da Ulloa, zona riquísima en patrimonio cultural, etnográfico e artístico.

A igrexa de San Salvador de Vilar de Donas é practicamente o único que permanece en pé do mosteiro pertencente á orde militar de Santiago, que foi fundado por Arias Pérez de Monterroso e a súa muller cara mediados do século XII, época na que se desenvolve pola Península Ibérica a reforma cisterciense. En 1194, Juan Arias, deán da catedral de Lugo, xunto cos seus irmáns e herdeiros, fixo unha carta de doazón á Orde de Santiago; e en 1746 agregouse ao priorado de San Marcos de León. Foi construída en catro fases a mediados do século XIII. Representa un excelente exemplo en Galicia da arte románica, que se combina case imperceptiblemente con formas góticas. Posúe unha inmensa riqueza artística reflectida nas laudas sepulcrais e estatuas xacentes, nas esculturas pétreas, nos retablos, no baldaquino ou nas pinturas góticas da primeira metade do século XV. En 1931 foi catalogada como Monumento Histórico Artístico.

O castelo de Pambre érguese na marxe esquerda do río do mesmo nome, afluente do Ulla e constitúe un excelente exemplar da arquitectura militar da Idade Media. Construído nos últimos anos do século XIV por don Gonzalo Ozores de Ulloa, é unha das poucas fortalezas señoriais que resistiu os ataques producidos pola Revolta Irmandiña que comezou en 1467. En 1484 pasou á propiedade dos condes de Monterrei.

En definitiva, na comarca da Ulloa, pola que transcorre o río Ulla e os seus afluentes como o Pambre, vemos que o medio físico condiciona as actividades económicas, sendo de gran importancia o sector agrícola-gandeiro, reflectido nas formas da propiedade da terra, orixinadas ó longo dos séculos a través dos foros. Froito desta conformación, as actividades industriais están ligadas ao sector primario. Estes elementos repercuten na configuración do territorio a través das construcións humanas, que finalmente nos sitúan nunha zona abundante en patrimonio cultural, e artístico e monumental estreitamente relacionado coa economía e o espazo medioambiental, que temos a obriga de preservar como riqueza patrimonial para hoxe e para o futuro.

**Antonio López Bodaño**

Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Xuño 2024



A igrexa de Vilar de Donas, [s.d.].



O castelo de Pambre, [s.d.].

---

## 1. ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

---

**Código de referencia:** ES GA 27028 AHPLu 2.3.JJV.35-38-08 e 35-109-06

**Título:** Castelo de Pambre; Igrexa de San Salvador de Vilar de Donas

**Data de creación:** [s.d.]

**Nivel de descrición:** Unidade documental.

**Volume e soporte:** 2 negativos fotográficos en cor

---

## 2. ÁREA DE CONTEXTO

---

**Nome do produtor:** Juan José Vivancos Puentes.

**Historia institucional/Biografía:** Juan José Vivancos Puente naceu en 1918 en Badalona. Ao finalizar a Guerra Civil coñeceu a Juan Padró, quen o iniciou no mundo da fotografía e por diversas circunstancias instaláronse na cidade de Lugo e abriron un estudo situado inicialmente en Campo Castelo ata o seu traslado a un local na Praza de España. En 1943 totalmente integrado na cidade, e trala marcha do seu socio, comezou a súa andaina en solitario e acabou establecéndose na rúa da Raíña. Participou activamente en distintas agrupacións fotográficas e asociacións profesionais e foi correspondente de NO-DO e RTVE. Fundou tamén outros estudos, un deles, Foto Pose, converteríase en JOS-BE. Xubilado en 1997, foi mestre e referente de numerosos fotógrafos en toda a provincia lucense.

**Forma de ingreso:** O arquivo de Juan José foi adquirido pola Xunta de Galicia e depositado en 1998 no Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

---

## 3. ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

---

**Alcance e contido:** A amplitude do fondo, que abrangue cronoloxicamente a segunda metade do século XX, permítenos coñecer a evolución da cidade de Lugo e os principais aspectos da vida cotiá da provincia lucense. Ademais do seu innegable valor artístico, ten un interese excepcional para o estudo dos costumes, vestimenta, traballo, arquitectura e monumentos, paisaxe, actos culturais e sociais, etc.

**Valoración, selección e eliminación:** Conservación permanente.

---

## 4. ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E UTILIZACIÓN

---

**Condicións de acceso:** A documentación é de acceso libre.

---

## 5. ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA

---

**Unidades de descrición relacionadas:** No fondo de Cultura consérvanse o expediente de contratación de obras do ano 1991 (sin. 111133-05) e o expediente de obras de 1990-1994 (sin. 111159) que teñen como fin a restauración da igrexa de Vilar de Donas. Ademais, no fondo fotográfico César, custodiase unha fotografía da ábsida da igrexa de San Salvador de Donas con sinatura 2-19; e no fondo do fotógrafo Vega existen fotografías da restauración da igrexa de Vilar de Donas, sinaturas 6981 (1 a 14), 6996 (1 a 16) e 7013 (1 a 8).

---

## 6. ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN

---

**Nota do arquiveiro:** Antonio López Bodaño.

**Regras ou normas:** GRUPO DE ARQUIVEIROS DE GALICIA, *Norma galega de descrición arquivística (NOGADA)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2010.

**Data da descrición:** Maio de 2024.

D.L.: C ????-2024

